

# MANTEMENTO 21H

## 1. Introducción

Neste documento determínanse as condicións da actividade de “Mantemento 21H” da **Sociedad Gimnástica de Pontevedra**. Dirixida a aquelas persoas interesadas en mellorar a súa condición física desenvolvendo as capacidades físicas.

## 2. Grupos, horarios e instalación

Días	Horario	Lugar	Prazas	Duración
Luns, Martes e Xoves	21:00 – 22:00	Pavillón Municipal	25	Setembro – Xuño

A actividade dará comezo o día 9 de setembro, e finalizará o último día laboral do mes de xuño. Nas datas festivas ou cando a instalación non estea dispoñible **non haberá actividade**.

## 3. Desenvolvemento da actividade

A actividade levarase a cabo nos espazos dispoñibles do pavillón municipal.

## 4. Inscricións e cotas

As inscricións realizaranse a través do seguinte enlace:

<https://app.cluber.es/clubes/238c438fcbe7b548f726628a36f0b8074395fb0b/inscripcion>

A **cota** da actividade é de **33 €/mes**. Os pagos realizaranse a través da APP Cluber aplicando cargos na tarxeta vinculada ao usuario. A cota a seleccionar é “**Grupo Víctor Gallego 21H**”

## 5. Admisión

Os/As participantes serán admitidxs por orde rigoroso de inscrición ata completar o número de prazas. O número mínimo de participantes para iniciar o grupo será de 10 persoas. No caso de superar as 25 prazas, crearase unha lista de espera, e no momento que se produzan baixas, chamarase ao seguinte da lista para ocupar dita praza.

Aquela persoa que non abone a contía ou falte durante un mes sen causa xustificada perderá a súa praza.

## 6. Máis información

Para obter máis información, pónhase en contacto no email: [info@sgpontevedra.com](mailto:info@sgpontevedra.com). Se prefire falar por teléfono, envíenos un número de contacto ao email e o chamaremos.